

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Lois Tobío Fernández do 22/11/1951

Colección:

Data: 22/11/1951

De:

Francisco Fernández del Riego;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Destino:

26 de Marzo, n.º 1089 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e sen membrete].

Mencionados:

Fermín Bouza Brey; Florencio Delgado Gurriarán; Rafael Dieste; Ánxel Johán; Carlos Maside; Luís Seoane;

Notas do editor:

O enderezo de Lois Tobío non consta pero púxeno seguindo a outras cartas dese período.

Menciona a GURRIARÁN, non estou segura que se trate de Florencio Delgado Gurriarán, aínda que polas datas e o contexto intelectual cadra.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Lois Tobío Fernández do 22/11/1951

Vigo
22-nov
1951

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta, que, como sempre, me produxo a ledicia dos vellos recordos. Doume presa en che respostar pra acompañarche as fotografías que me pides. Non puiden atopar a do illote de San Simón, nin outras máis espresivas. Si dispuxese de algún tempo remesaríache o que desexas. Pero como supoño que che urxen, a ver si así podes saír do paso. Agradeceríache moito que cando se pubrique o artigo, me mandes un exemplar do suplemento.

Xa saíu o segundo número da colección "Grial". Leva por tiduo "Pintura actual en Galicia". Colaboran Maside, Seoane, Angel Johán, Dieste, Gurriarán, etc. Non tardarás en recibilo, pois certificouse fai uns días â tua dirección. Dime que che parece. Coido que deica agora non se fixo nada semellante. Veremos si podemos seguir avante.

Quixera que, como favor especial, me enviases un ensaio teu, có vello seudónimo que aquí empregache, pra un dos próximos números. Un dos nosos meirandes anceios é incorporar â publicación un abondoso número de firmas das que teñen algo que decir. ¿Atenderásme?

O Bouza xá está eiquí de regreso. Eu non-o vín, e pouco sei das impresiós que trae da sua xira cultural.

Teño ganas de ir a dar unha volta por esas terras, e poder abrazarvos a todos. Hai momentos en que ise viaxe é pra mín unha verdadeira ousesión. Síntome canso, desalentado, nista brétema que o afoga a un.

Nada máis pol-o momento.

Recibe a forte e cordial aperta de sempre, de

F. del R. [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.